

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Por Resolución do 23 de outubro de 2023 (DOG núm. 207, do 31 de outubro) a Valedora do Pobo convocou unha bolsa destinada á formación en prácticas en materia de comunicación escrita, edición e asesoramento, corrección lingüística e tradución nesta institución.

Na súa reunión de data 21 de decembro de 2023 a Comisión de Selección encargada de instruír o procedemento de concesión da bolsa, acordou requirir ás persoas aspirantes a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos e méritos alegados, concedéndolles un prazo de cinco (5) días hábiles para presentar a documentación requirida, consonte ao disposto na base oitava da convocatoria.

Finalizado o dito prazo e analizada a documentación presentada, a Comisión de Selección, na súa reunión de data 18 de xaneiro de 2024, formulou, de acordo co establecido nas bases oitava e décima da Resolución do 23 de outubro de 2023, a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro.- Conceder a bolsa destinada á formación en prácticas en materia de comunicación escrita, edición e asesoramento, corrección lingüística e tradución na Valedora do Pobo á persoa aspirante que figura no Anexo I, por ter obtido a maior puntuación de conformidade cos criterios de valoración fixados na base novena da Resolución do 23 de outubro de 2023.

De conformidade coa base décimo segunda da convocatoria, a persoa seleccionada deberá incorporarse para o desenvolvemento dos labores de formación práctica dentro dos sete (7) días naturais seguintes ao da publicación desta Resolución no Diario Oficial de Galicia.

Se transcorrido o dito prazo, a incorporación non se producise, a bolsa poderase entender rexeitada, salvo causa xustificativa.

Se a bolsa resulta rexeitada ou queda vacante en período de vixencia, a Valedora do Pobo propondrá as persoas suplentes, na orde en que resultasen, a concesión da bolsa polo tempo que reste respecto do inicialmente previsto.

Segundo.- Facer pública a Resolución definitiva de concesión da bolsa e a relación complementaria de suplentes (Anexo II), de conformidade coa base décimo primeira da convocatoria.



Terceiro.- Excluir do procedemento de concesión da bolsa ás persoas aspirantes que figuran no Anexo III, ao non quedar acreditado o cumprimento do requisito de titulación requirido na base segunda da convocatoria para optar á concesión da bolsa en cuestión.

Santiago de Compostela, na data da sinatura

Santiago González Serrano
Presidente da Comisión de Selección

ANEXO I

ASPIRANTE	PUNTUACIÓN TOTAL
***1354**	14,66

ANEXO II

ASPIRANTES	PUNTUACIÓN TOTAL
***0616**	14,37
***6071**	12,41
***8673**	12,41
***5962**	11,93
***6372**	11,56
***3485**	11,51
***4587**	10,95
***3715**	10,54
***1116**	10,37
***0252**	10,11
***6859**	10,10
***8942**	10,10
***0076**	10,10
***6498**	10,08
***7996**	10,02
***6060**	10,01
***8347**	9,79
***8515**	9,63
***8563**	9,62
***6142**	9,53
***1131**	9,29
***5019**	9,07
***7855**	8,95
***8613**	7,67
***8272**	0

ANEXO III

ASPIRANTES	

***6687**	EXCLUÍDO
***6934**	EXCLUÍDO
***0609**	EXCLUÍDO
*** 0999**	EXCLUÍDO
*** 0931**	EXCLUÍDO
***2425**	EXCLUÍDO
***8253**	EXCLUÍDO